

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DISTRIBUIDORAS DE HOSTALARÍA E ALIMENTACIÓN DE LUGO PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DA III FEIRA GASTRONÓMICA L DE LUGO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo para o apoio á organización da infraestrutura para a celebración da III Feira Gastronómica L de Lugo, que terá lugar os días 24 e 25 de setembro de 2023 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- A Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo pretende levar a cabo a 3ª edición da Feira Gastronómica L de Lugo. A iniciativa trátase dun proxecto de carácter comercial e publicitario, onde a Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo pretende crear unha feira con todos os asociados interesados en dar a coñecer os seus produtos e fortalecer a súa imaxe. O que se pretende é facer novas relacións comerciais, así coma presentar os produtos ó público hostaleiro e xeral, para acadar nichos de mercado de caro ó futuro.

Este ano preténdese que a Feira L de Lugo sexa un escaparate de toda a gastronomía rexional e que se converta en pouco tempo na feira gastronómica máis importante do noroeste peninsular, reivindicando o potencial turístico que podemos ofertar.

Preténdese contar cos principais produtores de Galicia (especialmente de Lugo, ademais de Asturias occidental e do Bierzo), denominacións de orixe e identidades xeográficas protexidas, empresas privadas do ámbito alimentario industriais ou artesanais. Nesta terceira edición da feira contarase, entre outros, coa participación das escolas de hostaleira e con cociñeiros de Lugo, cunha representación de panadeiros e pasteiros (a través da súa asociación Afapan), e coa colaboración da OPP7 Burela. Preténdese ademais que estean presentes na feira representacións da Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga), da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur), da Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta (Asoporcel) e Terneira Galega. Coma novidade, ademais de contar ca presenza dos stands do medio centenar de distribuidoras adscritas á asociación ca oportunidade de dar a coñecer os distintos produtos que representan (viño, cervexa, alimentación seca, quinta gama, accesorios, drogaría, conxelados, refrixerados, menaxe,...), disporase dunha achega de distintas panadarías que ofrecerán as súas creacións cos distintos produtos a promocionar, un novo espazo de maridaxe onde se xuntarán adegas con cociñeiros, un túnel de tapas, un cocktail's corner e espazos dedicados ó café e á cervexa.

Buscarase a participación de toda a cadea de valor entre produtores e distribuidores, permitindo a conexión dos obxectivos marcados para que esta nova edición sexa un éxito. As distribuidoras de hostalaría grandes ou pequenas son unhas empresas de venta, transporte e financiamento que en vez de cartos presta mercadoría, sendo empresas cunha longa tradición maioritariamente familiares e financeiramente moi estables.



A feira terá lugar no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo os días 24 e 25 de setembro de 2023. A previsión de afluencia é que nesta edición se supere a cifra de 5.000 persoas, o que garantiría unha gran cantidade de vendas e un gran volume de negocio.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

